

**ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA E  
DEREITO Á VIVENDA**  
Departamento de Planeamento  
63110I0136 631/2016/289  
Exp.: MPX-4/16

Anotada en el Libro de Resoluciones  
de la Alcaldía con el núm: **DEC/AYT/5398/2016**  
14/10/2016  
El Secretario General  
P.●.



**Asunto: Inicio do expediente de Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2013 vixente, para a ampliación da parcela de uso educativo público “Z2 ED<sub>1</sub>”, no API-J40 “Valle de Mesoiro”.**

## **DECRETO**

Con data 14 de febreiro de 2000 o Pleno do Concello de A Coruña aprobou definitivamente o plan parcial Sector 5 “Valle de Mesoiro”. A súa normativa publicouse no Boletín Oficial da Provincia do 21 de marzo de 2000.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2013 vixente, recolleu o ámbito coma un área de planeamento incorporado (API-J40) en solo urbano consolidado, polo que asume todas as determinacións de planeamento e xestión inmediatamente antecedentes (coas modificacións sinaladas expresamente na ficha).

Con data 18 de setembro de 2015, a petición da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Concelleiro de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda solicitou a localización dunha parcela duns 10.000 m<sup>2</sup>s de superficie, de titularidade municipal no barrio de Novo Mesoiro, coa finalidade de poder construír sobre a mesma un C.E.I.P.

Con data 22 de outubro de 2015, emitíuse o informe solicitado no que se sinalaba a localización de dúas posibles parcelas, do que se deu traslado en data 3 de novembro de 2015 á devandita Consellaría.

A Consellaría contestou en data 11 de febreiro de 2016 sinalando a aceptación da parcela 2 das identificadas no informe, que se corresponde coa parcela “Z2 ED<sub>1</sub>” de 8.801 m<sup>2</sup><sub>s</sub>, prevista no plan parcial, porén condicionando á que o Concello encetara unha modificación do planeamento co gallo de ampliar a superficie da mesma até os 12.150 m<sup>2</sup><sub>s</sub>, e posibilitar nun futuro a

ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA E  
DEREITO Á VIVENDA

Departamento de Planeamento

63110I0136 631/2016/289

ampliación do CEIP que se constrúa, de liña 2 (18 unidades), a un de liña 3 (27 unidades).

Considérase que a ampliación desta dotación urbanística é unha razón de interese público, tal e coma esixe o artigo 83.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que xustifica a modificación puntual do PXOM/13 actualmente en vigor.

Á vista de canto antecede, segundo o disposto no artigo 69.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, polo órgano competente en uso das atribucións legalmente conferidas, en virtude da delegación de competencias efectuada pola Alcaldía-Presidencia mediante Decreto de 15 de xuño de 2015, publicado no BOP nº 125 de 6 de xullo de 2015,

**DISPOÑO:**

**ÚNICO.-** Iniciar o expediente de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2013 vixente, para a ampliación da parcela de uso educativo de titularidade pública "Z2 ED<sub>1</sub>", prevista no API-J40, Plan Parcial do sector S-5 "Novo Mesoiro", até acadar unha superficie mínima de 12.150 m<sup>2</sup>, e posibilitar nun futuro a ampliación do CEIP que se constrúa, de liña 2 (18 unidades), a un de liña 3 (27 unidades).

JCPV/OPS/mciv

A Coruña, 30 de setembro de 2016

O alcalde, P.D.

O tenente de Alcalde da Área de rexeneración urbana e dereito á vivenda

Xiao Varela Gómez